

Por resolución reitoral do 13 de xuño de 2023 publícase na convocatoria 06/2023 de concurso público de méritos, para a contratación de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i, a oferta para provisión en concurso público de méritos do contrato de substitución de persoa traballadora, dun técnico/a superior de xestión, na Área de Xestión da Investigación – Subárea Económica na liña de investigación: Xestión económica da I+D, do Programa estrutural “Programa Institucional de xestión, transferencia, emprendemento, internacionalización e consolidación das capacidades innovadoras da USC” (ref. praza 2022-LU088, nº solicitude 2023/C06M08).

Con data 07 de agosto de 2023, comunícase á Área de Xestión da Investigación a reincorporación do traballador obxecto da substitución da oferta 2023/C06M08, con data 28 de agosto de 2023.

De conformidade co exposto, e en cumprimento do establecido no artigo 49.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no apartado oito do artigo primeiro do Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, que establece como causa de extinción do contrato de substitución a reincorporación da persoa traballadora substituída,

Esta Reitoría deixar sen efecto a proposta de contratación dun técnico/a superior de xestión, na Área de Xestión da Investigación – Subárea Económica na liña de investigación: Xestión económica da I+D, do Programa estrutural “Programa Institucional de xestión, transferencia, emprendemento, internacionalización e consolidación das capacidades innovadoras da USC” (ref. praza 2022-LU088, nº solicitude 2023/C06M08) da convocatoria 06/2023 por reincorporación da persoa substituída.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela

O Reitor,  
Antonio López Díaz  
(Sinatura dixital)

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,  
12/09/2023 14:31:35.

**CSV:** 3F4A-7C56-4421-B77E